



Concello de Vigo
Seguridade e Mobilidade

PLAN DE MOBILIDADE

MEDIDAS DE MOBILIDADE NO CENTRO DA CIDADE DURANTE O NADAL

Co gallo do aumento da presenza de peóns durante o NADAL no centro da cidade e co obxectivo de favorecer o espaxamento cidadá e cumprir as medidas de distanciamento cidadán motivado nos requirimentos sanitarios da COVID 19, adoptaranse unha serie de medidas en materia de mobilidade. Medidas que restrinxirán o tráfico rodado do xeito que a seguir se detalla.

Con todo, respectarase o acceso rodado ao domicilio da veciñanza, a unha velocidade máxima de 10 Km/hora, e favorecerase a prestación do servizo do transporte público urbano.

Estas medidas estarán en vigor dende e a data do acendido das luces de Nadal ata o 10 de xaneiro, e son aplicables todos os días entre as 17:00 e 23:00

CORTES DE TRÁFICO

- Paseo de Alfonso XII, rúa de Elduayen e Porta do Sol (obras).
- Rúa de Policarpo Sanz
- Rúa de Darío Álvarez Blázquez
- Rúa da Reconquista entre as rúas Marques de Valadares e Policarpo Sanz
- Rúa de Velázquez Moreno entre Príncipe e Marqués de Valadares
- Rúa de Colón
- Rúa de Urzaiz entre a Av de Gran Vía e rúa de Colón
- Av da Gran Vía ascendente entre as rúas de Urzaiz e María Berdiales
- Rúa de Hernán Cortés entre as rúas Urzaiz e de María Berdiales
- Rúa do Dr. Cadaval dende rúa de López de Neira ata a Porta do Sol
- Rúa de Uruguai desde a rúa de Cervantes cara a rúa de Gravina

CAMBIOS DA CIRCULACIÓN NORMAL

- A rúa Colón será uso exclusivo de residentes, aparcadoiro e transporte público.
- A rúa de Velázquez Moreno entre as de Marques de Valadares e Policarpo Sanz cambia o sentido de circulación cara á de Policarpo Sanz
- Establécese sentido de circulación da rúa Uruguai cara á rúa de Cervantes dende a rúa de Gravina

- A rúa de Cervantes manterá un só carril aberto para uso exclusivo de residentes, aparcadoiro e transporte público.
- Ábrese carril pegado o bulevar e en sentido ascendente na Av de Gran Vía entre as rúas Urzaiz e Brasil para uso exclusivo do autobús urbano.
- Establécese dobre sentido de circulación para residentes na rúa de Hernán Cortés entre as de María Berdiales e Urzaiz

DESVÍOS RECOMENDADOS

Recoméndanse os seguintes desvíos de tráfico:

- Os túneles de Areal-Beiramar para aqueles vehículos que circulen polas rúas de Sanjurjo Badía, García Barbón, Areal.
- Avd. Beiramar para os que leven destino Teis e polas rúas da Coruña-Gran Vía para os que vaian con dirección Travesía de Vigo.
- A saída pola rúa de Isaac Peral aos vehículos procedentes da autoestrada AP9.
- A Av de Gran Vía, praza de América e rúa da Coruña para os vehículos que procedan da Praza de España con destino á zona de Beiramar

SERVIZO DE TRANSPORTE PÚBLICO

Para favorecer o transporte público dispóranse as seguintes medidas.

Cambios na circulación:

- Un carril ascendente pola Av da Gran Vía ata a rúa Brasil
- Un carril descendente pola rúa de Urzaiz ata a rúa de República Argentina
- Un carril ascendente dende a rúa de Colón ata a rúa de Uruguai
- Cambio de sentido de circulación na rúa de Uruguai entre as rúas Gravina e Cervantes

Paradas de bus urbano afectadas polos cambios de percorrido son:

-Dende a rúa Cánovas del Castillo dirección P. Sanz – G. Barbón y Urzaiz:

Parada anulada: Reconquista e P. Sanz 26, paradas máis próximas: Cánovas del Castillo, 28 e G. Barbón 18.

Parada anulada: Reconquista e P. Sanz 26 y 40, paradas máis próximas: Cánovas del Castillo, 28, Uruguai 8.

-Dende a rúa de G. Barbón dirección a rúa de Colón / Urzaiz e P. Sanz:

Parada anulada: Urzaiz-Príncipe e Urzaiz, 28, paradas máis próximas: Uruguai 8 e Cervantes (Fronte o 21).

Parada anulada: P. Sanz, 25, paradas máis próximas: G. Barbón 7, Areal e P. Compostela

-Dende a rúa de Urzaiz dirección - P. Sanz :

Parada anulada: Colón, 27 e Policarpo Sanz, 25., paradas máis próximas: Urzaiz, 13, G. Barbón 7, Areal e P. Compostela

A parada de taxis da rúa Reconquista prestará servizo dende esta rúa con acceso e saída cara a Marques de Valadares.

Estas medidas entenderanse entre o día do acendido das luces de nadal ata o 10 de xaneiro, coa excepción dos desvíos das liñas de Policarpo Sanz que serán durante todo o horario de prestación do servizo.

RESTRICCIÓNS DO ACCESO AOS APARCADOIROS AFECTADOS POLAS MEDIDAS DE ESPAREXEMENTO

Os seguintes aparcadoiros terán restrinxido o seu acceso tódolos días entre as 17:00 e as 23:00 entre o día do acendido das luces de nadal ata o 10 de xaneiro, consonte estas indicacións:

- Aparcadoiro Policarpo Sanz: Acceso dende a rúa de García Barbón. Saída pola de Pontevedra
- Aparcadoiro Velazquez Moreno (Velazquez Moreno 20): Acceso dende a rúa de Marques de Valadares pola rúa de Velázquez Moreno. Saída pola rúa Policarpo sanz cara a rúa de Colón
- Aparcadoiro Colón Centro (Colón 28): Acceso dende as rúas de Colón ou García Barbón por un carril ascendente por Colón ata rúa Uruguai. Saída cara a rúa Uruguai.
- Aparcadoiro da Praza Portugal: Acceso dende a rúa de Colón ou de García Barbón por un carril ascendente por Colón ata a rúa de Uruguai. Saída cara a rúa de Uruguai. Saída cara á de García Barbón pola de República Arxentina.
- Aparcadoiro Urzaiz: Acceso pola rúa de Manuel Nuñez, dende a de Colón ou García Barbón por un carril ascendente pola rúa Colón ata a rúa de Uruguai., dende a rúa de Alfonso XIII pola rúa de Cervantes. Saída polas rúas de Uruguai ou de Lepanto

ACCESO AOS GARAXES AFECTADOS POLAS RESTRICCIÓNS

- Rúa de Policarpo Sanz: O tramo entre as rúas de Reconquista e de Velázquez Moreno por Reconquista. O tramo entre as rúas de Colón e Velazquez Moreno por Velázquez Moreno ascendente dende Marques de Valadares
- Rúa de Velazquez Moreno entre as rúas de Marques de Valadares e Policarpo Sanz: Acceso a garaxe dende a rúa de Marqués de Valadares, saída cara a rúa de Colón.
- Rúa de Urzaiz ata Avd da Gran Vía: Entre as rúas de Uruguai e Gran Vía por Urzaiz
- Uruguai, Gravina, Churruca, Roxelio Abalde, República Arxentina: Dende Colón ou García Barbón por un carril ascendente por Colón ata rúa Uruguai ou Alfonso XIII Cervantes.
- Rúa de Hernán Cortes entre Urzaiz e María Berdiales: Dende María Berdiales.

En todo caso ante unha situación de necesidade excepcional accederase a unha velocidade máxima de 10 Km/hora.